



Vicerreitoría de Política Científica,
Investigación e Transferencia
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



OTTT

1. ANTECEDENTES

A Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña (UDC), a través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), pon en marcha o **Programa Transfire-UDC**, unha **iniciativa de apoio á transferencia dos resultados de investigación e as tecnoloxías desenvolvidas pola comunidade investigadora da UDC ao tecido produtivo e a sociedade**.

O Plan estratéxico da UDC sinala entre as súas áreas de actuación a investigación, a innovación e a transferencia, no tocante ás cales apunta á necesidade de mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación e de lograr que os instrumentos desa transferencia sexan máis e mellor coñecidos pola comunidade investigadora.

A transferencia á sociedade e ao mercado dos resultados xerados na investigación identifícase como a terceira función universitaria, conxuntamente coa docencia e a investigación. A súa relevancia vén dada pola capacidade que ten de xerar un impacto socioeconómico na área xeográfica de influencia da universidade, así como pola esencial orientación da investigación cara aos resultados que benefician a sociedade.

A OTRI da UDC xoga un papel central na coordinación das actividades de transferencia desta universidade, tendo en conta a necesidade obxectiva da comunidade investigadora de obter información cualificada sobre o devandito proceso, e de atinxir un coñecemento axeitado dos pasos que cómpre dar para a protección e o desenvolvemento dos seus resultados.

Por outra banda, a análise das opcións para levar ao cabo unha actividade de transferencia de coñecemento á sociedade e ao mercado pasa necesariamente por un coñecemento profundo e inmediato dos resultados producidos pola comunidade investigadora da UDC. A rapidez na identificación e o coñecemento dos resultados –mesmo nos seus estadios preliminares– resulta fundamental para a súa adecuada xestión.

A OTRI, na súa condición de elo intermedio entre a UDC e a empresa, ten como obxectivo fundamental detectar aquelas ideas desenvolvidas no seo desta universidade que poidan ser encamiñadas cara ao sector produtivo, así como acompañar a comunidade investigadora durante todo o proceso, favorecendo as relacións entre ambos os sectores e promovendo a transferencia da oferta científica.



2. OBXECTIVO DO PROGRAMA

O principal obxectivo do **Programa Transfire-UDC** é identificar e **poñer en valor** os resultados de investigación xerados na UDC mediante un **programa de transferencia** orientado á comunidade investigadora, con independencia da área de coñecemento a que se pertenza (científico-técnica, ciencias sociais ou humanidades) e do eido de aplicación do resultado.

Con este programa de apoio á transferencia preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- a) **Identificar os resultados de investigación** da UDC.
- b) **Poñer en valor o coñecemento xerado** (mesmo no caso dos resultados que se atopen nun grao de madurez inicial).
- c) **Despexar calquera incerteza acerca das posibilidades de transferencia dos resultados que se obteñen na actividade investigadora.**
- d) **Proporcionar á comunidade investigadora da UDC apoio, recursos e asesoramento personalizado** nos aspectos clave do proceso de maduración e transferencia á sociedade de resultados científicos.

A análise dos resultados de investigación permitirá poñer en valor e coñecer o potencial de transferencia dos resultados que se presenten, así como tamén definir as vías máis axeitadas para maximizar as súas posibilidades de transferencia á sociedade.

3. MODALIDADES DO PROGRAMA TRANSFIRE-UDC

Conscientes de que non todos os resultados se encontran na mesma fase de desenvolvemento e de que, dependendo do campo de aplicación de cada proposta, os pasos necesarios para a súa correcta valorización e transferencia son diferentes, o Programa Transfire-UDC estrutúrase en **dúas modalidades**, co obxecto de poder responder ás necesidades específicas de cada caso.

Ambas as modalidades están definidas con base no grao de madurez dos resultados presentados, así como en función das súas necesidades específicas, tanto para a identificación e valorización como para a correcta maduración da proposta de cara á súa transferencia á sociedade.

3.1 MODALIDADE A: ANTICIPATEC

Esta modalidade persegue **facilitar resultados de investigación que se atopen nunha fase inicial de desenvolvemento.**

Para os efectos desta modalidade, entenderase por resultado de investigación todo desenvolvemento que se considere **a descrición dunha idea básica ou un concepto ou unha tecnoloxía formulados**, sen necesidade de ter realizada unha validación fóra do ámbito académico.

Unha vez identificado un resultado nesta fase inicial, e dependendo do proceso natural que levase á súa creación, o programa adaptárase para poder xerar un modelo de maduración personalizado que permita responder ás necesidades específicas de cada idea.

3.2 MODALIDADE B: VALORIZATEC

Esta modalidade está orientada a ofrecer un programa de apoio ás **ideas innovadoras que xa teñen certo grao de madurez.**

Para os efectos desta modalidade, entenderase por idea innovadora todo **desenvolvemento dirixido a unha necesidade ou oportunidade de transferencia significativa baseado en resultados de investigación, coñecemento, innovacións tecnolóxicas ou servizos que se encontren en fase de proba conceptual ou evidencias nun contorno relevante ou real.**

Unha vez identificada a idea innovadora, ofrecerase asesoramento para cubrir as necesidades máis inmediatas no tocante á súa transferencia á sociedade.

4. BASES ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE



4.1 BASES DA MODALIDADE A: ANTICIPATEC

a) Tipos de proxectos

Esta modalidade está pensada para identificar resultados de investigación que presentan un grao de madurez inicial e que aínda precisan dun proceso de maduración:

A descrición dun coñecemento, idea básica, un concepto ou unha tecnoloxía formulados, pero sen necesidade de ter realizada unha validación fóra do contorno académico.

b) Obxectivos

Facer aflorar ideas nas súas fases máis iniciais, darlles visibilidade e orientalas para que poidan ter un adecuado enfoque de cara á súa maduración.

c) ¿Qué ofrece esta modalidade?

Asignarase un membro do persoal técnico especializado da OTRI para cada unha das propostas recibidas, co fin de:

- ✓ orientar e asesorar o/a investigador/a ou o grupo de investigación, a través da persoa designada como interlocutora na solicitude;
- ✓ deseñar unha folla de ruta de maduración da idea, con vistas a optimizar as posibilidades da súa transferencia á sociedade no futuro.

d) Criterios de elixibilidade

Atenderanse **todas as propostas** recibidas dentro desta modalidade.

e) Beneficiarios

Investigadores individuais, unidades de investigación e grupos e institutos de investigación da UDC.

f) Solicitudes

Para presentar unha solicitude será necesario cubrir o **modelo do Anexo I**, cunha proposta sinxela en formato libre, de non máis de dúas páxinas, en que se deberá:

- ✓ identificar e explicar os aspectos máis relevantes da idea, o coñecemento ou o resultado de investigación;



- ✓ e, de ser posible, indicar as necesidades mínimas para avanzar no seu desenvolvemento, así como presentar unha formulación preliminar sobre a súa aplicación potencial.

As solicitudes deberán enviarse ao correo electrónico valorizacion.otri@udc.gal , indicando no asunto: SOLICITUDE Transfire-UDC Modalidade ANTICIPATEC.

Xunto coa solicitude, poderase achegar toda a documentación que se considere relevante.

g) Prazos

Esta modalidade estará permanentemente aberta ao longo do ano.

h) Notificación

A OTRI, como entidade responsable do programa, porase en contacto coa **persoa designada como interlocutora** para analizar, comprender e estudar a proposta para poder adecuarse ás necesidades concretas e específicas de cada caso.

i) Tratamento da información

Toda a documentación e información xerada ou achegada polos investigadores e as demais partes implicadas durante o proceso que non for de dominio público terá **carácter confidencial**.



4.21 BASES DA MODALIDADE B: VALORIZATEC

a) Tipos de proxectos

Esta modalidade está orientada a ofrecer un programa de apoio para proxectos ou ideas innovadoras que xa teñen un certo grao de madurez.

Desenvolvemento dirixido a unha necesidade ou oportunidade de transferencia significativa baseado en resultados de investigación, coñecemento, innovacións tecnolóxicas ou servizos que se encontren en fase de proba conceptual ou evidencias nun contorno relevante ou real.

b) Obxectivos

Poñer en valor os resultados de investigación xerados na UDC, así como **coñecer o potencial de transferencia** de cada proposta para poder definir as vías máis axeitadas que permitan **maximizar as súas posibilidades de transferencia á sociedade**.

c) ¿Qué ofrece esta modalidade?

Un programa de apoio personalizado á valorización e posible comercialización do resultado, no marco do cal un membro do persoal técnico especializado da OTRI proporcionará:

- ✓ asesoramento personalizado: adaptado ás particularidades de cada proposta seleccionada;
- ✓ acompañamento durante todo o proceso de valorización/transferencia;
- ✓ e axuda económica para cubrir as necesidades que se identifiquen no proceso de transferencia (non se considera un concepto financiable a contratación de persoal).

d) Criterios de elixibilidade

As propostas serán clasificadas de acordo coa súa aliñación cos obxectivos desta modalidade e de conformidade cos seguintes criterios de elixibilidade:

- ✓ Os proxectos deberán abordar **actuacións posteriores á obtención do resultado de investigación**.
- ✓ Terán capacidade de xerar resultados con **aplicación na sociedade**.
- ✓ Terán **potencial de transferencia** e de xeración de retornos no curto-medio prazo: proxectos de innovación, acordos con empresas, licenzas, empresas derivadas (spin-off)...
- ✓ Contarán cun **equipo comprometido** e un/unha líder identificado/a, a través de quen se establecerá todo tipo de interacción.
- ✓ Só poderán presentarse un **máximo de tres propostas** por grupo de investigación.

e) Beneficiarios

Investigadores individuais, unidades de investigación e grupos e institutos de investigación da UDC.

f) Solicitudes

Para presentar unha solicitude será necesario cubrir o **modelo do Anexo II**, onde se identificarán e explicarán os aspectos máis relevantes da proposta e que serán a base da súa análise.

As solicitudes deberán enviarse ao correo electrónico valorizacion.otri@udc.gal , indicando no asunto: SOLICITUDE Transfire-UDC Modalidade VALORIZATEC.

Xunto coa solicitude, poderase achegar toda a documentación que se considere relevante.

g) Prazos

Esta modalidade terá unha única convocatoria anual, que se abrirá o 2 de marzo e pecharase o 15 de maio.

h) Avaliación

Crearase un comité de avaliación formado por persoal da OTRI que fará unha valoración das propostas de acordo con estes criterios:

- ✓ Relevancia da idea
- ✓ Equipo investigador
- ✓ Aplicacións da idea na sociedade
- ✓ Madurez da tecnoloxía
- ✓ Mercado ou sector potencial a que estea dirixida a idea
- ✓ Competencia que pode ter a idea no proceso de transferencia
- ✓ Posibilidades de transferencia



i) Resolución e notificación

As propostas seleccionadas serán clasificadas como A, B ou C dependendo do seu grao de madurez, así como das posibilidades e o potencial de transferencia á sociedade con que contén:

A: Resultado e/ou coñecemento en grao de maduración suficiente como para beneficiarse do programa e iniciar o proceso de transferencia;

B: Resultado e/ou coñecemento que necesita aínda un certo grao de desenvolvemento para poder considerarse beneficiaria do programa e iniciar o proceso de transferencia;

C: Resultado e/ou coñecemento con potencial de transferencia, mais que precisa de maduración e desenvolvemento previos.

Serán seleccionadas todas aquelas clasificadas polo seu estado de madurez tecnolóxica como A.

As tecnoloxías que acaden unha avaliación final B ou C serán igualmente atendidas por medio da modalidade A: ANTICIPATEC. Por tanto, asignaráselles un membro do persoal técnico especializado da OTRI para prestar os seus servizos dentro das características desa modalidade A.

j) Informe da avaliación inicial

Como parte do proceso de avaliación entregarase un informe Transfire-UDC aos solicitantes, en que se recollerán tanto os resultados da análise realizada como recomendacións sobre os seguintes pasos que deben darse para avanzar no proceso de valorización.

Este informe estruturarase nos seguintes apartados:

1. Datos básicos sobre a tecnoloxía e o proceso.
2. Avaliación: as valoracións realizadas con respecto aos distintos criterios. As especificacións estarán adaptadas ás particularidades de cada caso.
3. Planificación para a transferencia da tecnoloxía, coas accións necesarias máis inmediatamente para poder transferir o coñecemento á sociedade.
4. Conclusións e recomendacións sobre os aspectos que cumpra traballar de cara a achegar os resultados á sociedade.

Por pedimento das persoas interesadas, proporcionarase un certificado acreditativo da súa participación neste programa.

k) Tratamento da información

Toda a documentación e información xerada ou achegada polos solicitantes e as demais partes implicadas durante o proceso que non for de dominio público terá **carácter confidencial**. Non poderá ser difundida baixo ningún concepto sen a súa autorización expresa e por escrito.

Todas as tecnoloxías que participen neste programa terán a posibilidade de formar parte do Catálogo de oferta tecnolóxica da UDC (<https://ofertatec.udc.es/gl>), unha vez que o persoal técnico da OTRI e as persoas solicitantes consideren que teñen a madurez necesaria.

5. INFORMACIÓN E CONTACTO

OFICINA DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DA UDC

T: +34 881 01 5781

C: valorizacion.otri@udc.gal

W: <https://udcgal.sharepoint.com/sites/Transfire-UDC>





UNIVERSIDADE DA CORUÑA